



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Concellería de Igualdade, Benestar Social e Participación

Taxa por prestación de servizos do catálogo dos servizos domiciliarios, Servizo de Axuda a Domicilio (SAD). Aprobación de padrón fiscal: exercicio 2026

PROCEDIMENTO DE XESTIÓN TRIBUTARIA:

TRIBUTO: TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS DO CATÁLOGO DOS SERVIZOS DOMICILIARIOS, SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO (SAD).

APROBACIÓN DE PADRÓN FISCAL: EXERCICIO 2026.-

EDICTO

Por delegación da Xunta de Goberno Local, a concelleira delegada da Área de Benestar Social, Participación e Igualdade,, mediante resolución nº RES/AYT/1181/2026, do día 21/01/2026, aprobou o PADRÓN FISCAL correspondente ao exercicio 2026 relativo á TAXA por prestación de servizos do catálogo de servizos domiciliarios, servizo de axuda a domicilio (SAD) nas súas tres modalidades, tendo en conta que conforme ao previsto na Ordenanza fiscal número 18 aprobada por este Concello reguladora da devandita taxa, as cotas pola prestación do servizo dependen da capacidade económica da persoa beneficiaria e das horas de atención, polo que as cotas reflectidas na relación refírense ao período correspondente ao primeiro mes do exercicio 2026 e non ao ano natural.

De conformidade co disposto no art. 102 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria e art. 86 da Ordenanza Xeral de Xestión aprobada por este Concello, o PADRÓN fiscal aprobado queda exposto ao público, nas oficinas municipais do Centro Cívico Municipal de Monelos, sitas na seguinte dirección: Av. Monelos, 2 15008, A Coruña (A Coruña), durante o PRAZO DUN MES, contado a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da provincia da Coruña, servindo como NOTIFICACIÓN colectiva de todas as cotas dos sucesivos períodos deste taxa.

Durante o devandito prazo os interesados poderán examinalo e formular ALEGACIÓNNS, así como presentar, no PRAZO DUN MES seguinte á finalización da exposición pública, os seguintes recursos:

- Con carácter previo e potestativo, o recurso de reposición previsto no art. 14 do Real Decreto Legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais.
- Reclamación económico-administrativa, que terá carácter de preceptivo previo ao recurso contencioso-administrativo, prevista no art. 137 da Lei 7/1985, segunda redacción dada pola Lei 57/2003 de medidas para a modernización do goberno local.
- Non poderán simultanearse ambos os recursos, e de producirse esta situación tramitarase o presentado en primeiro lugar e declarárase inadmisíble o segundo (art. 222 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria).
- Calquera outro recurso que se estime procedente.

A Coruña, a 21 de xaneiro de 2026

A directora da Area de Benestar

Regla Davila Caballero